

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I 2019

No [diario Oficial de Galicia do día 30 de xaneiro](#) publicouse a convocatoria das axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do SUG de I+D+i mediante as seguintes modalidades:

MODALIDADES DAS AXUDAS

As modalidades de axudas que se establecen son:

- MODALIDADE A: GRUPOS DE REFERENCIA COMPETITIVA **ED431C**
- MODALIDADE B: GRUPOS CON POTENCIAL DE CRECEMENTO **ED431B**

NESTA CONVOCATORIA CADA GRUPO TERÁ QUE OPTAR POR UNHA ÚNICA MODALIDADE E NON SE PODERÁ PRESENTAR EN AMBAS SIMULTANEAMENTE.

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

As universidades do SUG.
Os organismos públicos de investigación de Galicia.
As fundacións de investigación sanitaria de Galicia.
Os centros do CSIC radicados en Galicia.
Instituto Español de Oceanografía radicado en Galicia (IEO).

DESTINATARIOS DA AXUDAS

Poderán ser destinatarios das axudas os grupos de investigación recoñecidos como tales polas distintas entidades.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen coa actividade de consolidación:

- Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación. Inclúese o custo de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de xestión do grupo así como ao

cofinanciamento das persoas contratadas ao abeiro de convocatorias competitivas dos programas estatais de recursos humanos.

- Pequeno equipamento inventariable e material funxible.
- Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas. Non se considerará neste epígrafe o persoal colaborador externo do grupo.
- Formación do persoal do grupo relacionado coa actividade obxecto da axuda mediante estadias curtas cunha duración mínima de 15 días e máxima de 3 meses. Non se considerará neste epígrafe o persoal colaborador externo do grupo.
- Viaxes e axudas de custo de membros do grupo para actividades obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda ao 20% dos gastos totais da axuda debidamente xustificada anualmente. Non se considerará neste epígrafe o persoal colaborador externo do grupo.
- Investigadores visitantes.
- Organización de actividades de difusión así como a presenza en medios de comunicación.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos etc.
- Publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia da actividade do grupo). Non son de aplicación neste epígrafe os gastos de autoedición ou similares.
- Consultoría e asesoramento externo para deseñar e aplicar a estrutura e a estratexia do grupo así como a contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual.
- Gastos derivados de elaboración dun informe de auditoría. **O custo deste informe será de aproximadamente 370 euros.**
- Custos indirectos, que non superarán o 20% da axuda.

INDICADORES

No apartado de indicadores deben indicarse un máximo de 5.

GRUPOS DE REFERENCIA COMPETITIVA

A convocatoria vai dirixida aos grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de I+D+i.

As axudas constarán de dous módulos:

- **Modulo estrutural anual :**

-Fixo de 25.000 euros mais un variable máximo de 25.000 euros

Tendo en conta os ingresos medios do grupo co obxectivo de axustar o orzamento ás posibilidades reais de execución anuais en función do número de solicitudes avaliadas positivamente e dos recursos dispoñibles.

- **Modulo variable anual**, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo no período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2018, segundo os seguintes tramos:

Ingresos medios de 150.000 a 300.000 €: ata 20.000 € anuais

Ingresos medios de 300.001 a 400.000 €: ata 30.000 € anuais

Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 50.000 € anuais

REQUISITOS

Ser un grupo de investigación recoñecido que cumpra os criterios seguintes:

- a) **Ter a día 30 de xaneiro de 2019 polo menos 5 investigadores. Entendese por investigador aquela persoa que teña título de doutor, que forme parte dun grupo de investigación no rexistro da Universidade correspondente do SUG e que teña algunha das seguintes categorías profesionais:**

- Catedrático ou profesor titular de universidade ou de escola universitaria.
- Profesor/a contratado doutor/a ou profesor axudante doutor.
- Profesor/a Asociado de Ciencias da Saúde (PACS).
- Profesores/as Eméritos/as
- Contratados dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva ou posdoutorais do Mineco, posdoutorais da Xunta de Galicia (agás aqueles que están na súa fase de estadía no estranxeiro) ou Oportunius da Xunta de Galicia (Persoal investigador baixo a modalidade de investigador distinguido contratado pola GAIN ao abeiro do Decreto 64/2016) ou Marie Curie (neste último caso sempre que teñan adscrición a unha universidade do SUG durante toda a vixencia da axuda).
- Persoal Interino sempre e cando ocupe unha praza das definidas nos parágrafos anteriores.

En ningún caso terán a consideración de investigadores, para os efectos desta convocatoria, os profesores visitantes, o resto dos profesores asociados, os profesores colaboradores, os contratados con cargo a proxectos os lectores así como aquelas outras categorías que non fosen explicitamente recollidas neste artigo.

b) Cumprir como mínimo UN dos seguintes requisitos

- Ter polo menos 3 proxectos competitivos activos, cun importe superior a 15.000 euros cada un, ou ter polo menos 1 proxecto competitivo activo, cun importe superior a 75.000 euros, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2018.
- Ter ingresos medios anuais por actividades de I+D superiores a 150.000 euros ou 80.000 cando se trate de grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2018.
- Ter sido beneficiario das axudas a grupos de referencia competitiva do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitiva do SUG na convocatoria do ano 2015.

c) Cumprir polo menos DOUS dos seguintes criterios de produción científica no período do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2018.

- Artigos en publicacións incluídas en SCOPUS ou Web of Science: polo menos **10 publicacións**. No caso dos grupos das ramas de coñecemento de artes e humanidades e ciencias sociais e xurídicas considéranse artigos en publicacións ERIH, IN-REC, IN-RECJ, DICE e LATINDEX.
- Libros publicados: **polo menos 3** (só para grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas), sempre que sexa autor individual ou coautor entre un máximo de 3 autores).
- Teses dirixidas/codirixidas e lidas: **polo menos 3 teses**
- Patentes en explotación nas que a universidade sexa titular: **polo menos 1 patente (ou 4 rexistros de propiedade intelectual de software ou 4 rexistros de variedades vexetais)**.
- Acordos de explotación ou empresas (EBT) xerados a partir de resultados obtidos polo grupo: **polo menos 1 acordo ou EBT**. Poderán ser empresas creadas antes do 1 de xaneiro de 2016, sempre que teñan actividade probada desde esa data ata o momento da solicitude.
- Participación, **como líder** de proxecto ou de workpackage, en proxectos de Programa marco da UE: **polo menos 1 liderado de proxecto**.

GRUPOS CON POTENCIAL DE CRECEMENTO (GPC)

Estas axudas van dirixidas á consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do sistema galego de I+D+i.

REQUISITOS

Ser un grupo de investigación do SUG, recoñecido pola Universidade que cumpra os criterios seguintes:

- a) **Ter a 30 de xaneiro de 2019 polo menos 3 investigadores. Entendese por investigador aquela persoa que teña título de doutor, que forme parte dun grupo de investigación no rexistro da Universidade correspondente do SUG e que teña algunha das seguintes categorías profesionais:**

- Catedrático ou profesor titular de universidade ou de escola universitaria.
- Profesor/a contratado doutor/a ou profesor axudante doutor.
- Profesor/a Asociado de Ciencias da Saúde (PACS).
- Profesores/as Eméritos/as
- Contratados dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva ou posdoutorais do Mineco, posdoutorais da Xunta de Galicia (agás aqueles que están na súa fase de estadía no estranxeiro) ou Oportunius da Xunta de Galicia (Persoal investigador baixo a modalidade de investigador distinguido contratado pola GAIN ao abeiro do Decreto 64/2016) ou Marie Curie (neste último caso sempre que teñan adscrición a unha universidade do SUG durante toda a vixencia da axuda).
- Persoal Interino sempre e cando ocupe unha praza das definidas nos parágrafos anteriores.

En ningún caso terán a consideración de investigadores, para os efectos desta convocatoria, os profesores visitantes, o resto dos profesores asociados, os profesores colaboradores, os contratados con cargo a proxectos os lectores así como aquelas outras categorías que non fosen explicitamente recollidas neste artigo.

- b) **Cumprir como mínimo CATRO dos seguintes requisitos de actividade no período 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2018.**

- Ingresos medios anuais por actividades de I+D: **superior a 80.000 euros** (ou **superior a 40.000 euros** cando se trate de grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas).
- Proxectos competitivos activos **no período**: **polo menos 2 proxectos** de importe superior a 15.000 euros cada un, ou polo menos 1 proxecto de importe superior a 50.000 euros.
- Contratos ou convenios con empresas ou institucións: **polo menos 2 contratos** ou convenios, de importe superior a 15.000 euros cada un.
- Artigos en publicacións incluídas en SCOPUS ou Web of Science: **polo menos 3 publicacións**. No caso dos grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, consideraranse artigos en publicacións en ERIH, IN-REC, IN-RECJ, DICE e LATINDEX.
- Libros publicados: **polo menos 2** (so para grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que sexa autor individual ou co-autor entre un máximo de tres autores).
- Teses dirixidas/co dirixidas e lidas: **polo menos 2 teses**
- Patentes en explotación nas cales a universidade sexa titular: **Polo menos 1 patente** (ou **DOUS** rexistros de propiedade intelectual de software ou **DOUS** rexistros de variedades vexetais).
- Empresas creadas a partir de resultados de investigación do grupo: **polo menos 1 empresa**. Poderán ser empresas creadas antes do 1 de xaneiro de 2016, sempre que teñan actividade probada desde esa data ata o momento da solicitude.
- Participación, como socio ou líder, en proxectos de Programa marco da UE: **polo menos 1 participación**.
- Ter sido beneficiario das axudas a grupos de referencia competitiva da convocatoria do ano 2015 ou grupos con potencial de crecemento na convocatoria do ano 2016 do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG.

INFORMACIÓN

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Tef.: 881999541

Correo electrónico: dxpct-xestion@edu.xunta.es

OIT: Extensións 16265, 16216 e 16217 // recursoshumanos.investigacion@usc.es

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2019

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación